

## ENFIANDO

A VIDA, HAROLD PINTER  
E JULIÁN MARÍAS


Texto Francisco X.  
Fernández Naval  
Escritor



Arriba, o filósofo español.  
Baixo estas liñas, o Premio  
Nobel de Literatura

**H**ai agora trinta anos, eu estudaba primeiro de Filosofía e Ciencias da Educación no colexio universitario de Ourense. O director, José Albendea, era tamén o profesor de filosofía. Viña de Sevilla e fora represaliado xunto con

Tierno Galván, Aranguren e outros profesores universitarios. Confesábase "zozialista humanista", cun acento que máis tarde recoñeceríamos en Felipe González. Pouco antes de morrer, Albendea chegou a confesar a uns discípulos que o visitaban, que o máis difícil, naquel momento final, era manter a coherencia, el que sempre se dixeran agnóstico, pero mantívoo, porque era desa escola de seres que son quen de se gardar fidelidade, a si mesmos, e ós demais. Albendea, xa nos primeiros días de curso, recomendounos como libro fundamental a "Historia da Filosofía" de Julián Marías. Ese libro, que aínda conservo e ó que acudo ás veces, foi o culpable de que os compañeiros me alumasen O Berkeley, xa que fun o único en acertar unha pregunta referida ó filósofo empirista inglés que Albendea nos fixo nun exame, estando a resposta no libro de Marías que eu consultara. Neste manual de filosofía e no de Ética de Aranguren, educámonos moitas mozas e mozos de entón. Julián Marías deixounos estes días, logo dunha vida que foi exemplo de espírito libre e independencia do poder, coherencia, lealdade e honradez, valores que ás veces un chega a dubidar que se comprendan



hoxe.

Hai trinta anos, eu enredaba as horas libres colaborando con Histrión 70, unha das compañías teatrais importantes naqueles anos en Galicia, que compartían o traballo e a independencia á hora de construír o teatro galego co Teatro Circo e O Facho da Coruña, con Queizán que traballaba en Vigo e con Roberto Vidal Bolaño que o facía en Compostela. En Histrión coñecín a Manolo Vidal, quen logo de certas vicisitudes, quedou coa compañía Rúa Viva, fundada por Manolo Guede e por min, coa que representou todo o teatro de Eduardo Blanco Amor, que xa ten o seu mérito. Con Manolo Vidal traballaba eu lendo textos e analizando as propostas dos autores que máis nos gustaban. El soñaba con representar "Agardando por Godot", de Samuel Beckett,

**"Foron sempre  
exemplos de liberdade,  
independencia,  
coherencia, lealdade e  
honradez"**

pero sei que limos tamén os "Seis personaxes á procura de autor" de Pirandello e "Vellos Tempos" de Harold Pinter, o premio nobel de literatura deste ano. Lembro que comentabamos como a linguaxe de Pinter, co xogo da reiteración, podía levar a desentrañar o cotián da vida dos personaxes e os seus absurdos, e a súa desolación, véxase senón o diálogo entre Deeley e Kate que inicia a obra: "¿Era a túa mellor amiga?/ Ouh, ¿qué significa iso?/ ¿Qué?/ A palabra amigo.../ ¿Pensas que era a túa mellor amiga?/ Era a miña única amiga/ A túa mellor e única amiga/ A miña única amiga. Se non tes máis que unha non podes dicir que sexa a mellor/ ¿Por que non tes con quen comparala?/ Hmm.../ Non sabía que tiveras tan poucos amigos/ Non tiña ningún, ningún, agás ela/ ¿Por que ela?/ Non o sei". Estes días Harold Pinter leu, por videoconferencia, dado que a enfermidade que padece non lle permitiu asistir á cerimonia de entrega do Nobel, o seu discurso, exercicio de reflexión demodolor en contra da manipulación a que nos so-



mete o poder, a favor da verdade e da dignidade humanas.

Nun correo electrónico, o amigo Bernardo Máiz comentaba o outro día que o discurso de Pinter era efectivamente moi bo, pero que ninguén o lería. Digo eu, Bernardo, que se cadra, leuno máis xente da que nós pensamos, pero de calqueira maneira, o discurso é un agasallo que, con xenerosidade e sen agardar nada, Pinter nos fai a todos. Escrito sen circunloquios, sen retórica, o discurso denuncia as mentiras do poder, esas que xustifican a invasión de Irak ou as intervencións disfrazadas de Estados Unidos en países coma Nicaragua ou Chile. "O horror que os Estados Unidos lle infrinxiron a Chile en 1973 nunca poderá expiarse, non se poderá esquecer nunca", afirma Pinter nun momento particularmente intenso. O discurso de Pinter é un agasallo nestes días de Nadal, porque nos reafirma, porque nos dá argumentos, porque nos alimenta, porque demostra que non estamos sós. Dende aquí eu tamén reclamo, con el, porque o creo de xustiza, que Bush e Blair sexan levados perante o Tribunal Penal Internacional de Xustiza, sen esquecermonos de Aznar, si, tamén José María Aznar.

Harold Pinter e o seu teatro foron sempre exemplos de liberdade, independencia, coherencia, lealdade e honradez, valores que non semellan importar en exceso na sociedade actual, pero que son máis necesarios que nunca.

Por Harold Pinter, por Julián Marías, por todo o que representaron e representan nas nosas vidas, ás veces aínda sen nos decatarmos, pola vida, polas mulleres e polos homes libres, por todos, vai a miña emoción e esta crónica de hoxe. Feliz Nadal a todos.